

MARÍA SOLIÑO

(1551- sen data de defunción)

Estaba casada con Pedro Barba, tivo fillos pero non se sabe cantos. Casouse con un dos homes máis importantes do pobo e quedou con todas as posesións cando o seu marido morreu no ataque turco.

Ía cada noite a praia e escoitaba as ondas do mar recordando aos mortos e foi acusada de bruxa por iso.




Foi capturada e torturada ata que confesou ser bruxa dende facía dúas décadas. Requisaron os seus bens e dereitos de presentación e condenárona a levar o hábito penitente por seis meses pero non se sabe se morreu antes ou despois do

castigo pois non hai data de defunción. Por outra banda e presumible a súa morte pouco tempo despois da tortura xa que, con setenta anos os danos físicos e psíquicos producidos nela non podían deixar de notarse.

Acusárona de bruxa para que a igrexa aumentara os seus bens e posesións, pero morreu antes da condena xa que era moi vella e torturárona moito, tamén cabe mencionar que semellante sorte pasaron Elvira Martínez de Cangas e Catalina da Igrexa de Coiro, compañeiras de desgracia de María Soliño, tamén foron condenadas a fogueira, pero non se sabe se morreron antes da condena ou non, a súa filla tamén estivo en prisión pola acusación contra a súa nai, e tamén as súas netas. Con este proceso quedou aberta a lenda das bruxas de Cangas, que nunca existiron.

Entre 1619 e 1628 numerosas mulleres de Cangas (Pontevedra) foron xulgadas polo Tribunal do Santo Oficio (Inquisición) por suposta "bruxería". Hoxe en día



sabemos que aquelas desgraciadas, que acabaron confesando atrocidades a forza de espantosos tormentos, foron en realidade vítimas dunha invención dos inquisidores.

O obxectivo primordial era arrebatarse a certas persoas os seus "dereitos de presentación" en capelas e freguesías. Consistía este dereito en que os sucesores do fundador dunha igrexa podían propoñer ó seu titular cando quedase vacante, e á súa vez participar dos beneficios que aquela xerara.

Para disimular o seu reprobable propósito, mesturaron algunhas que si os posuían con outras que eran "pobres de

solemnidade". Moitas delas atopábanse totalmente desamparadas, por ter quedado viúvas tralos tristes sucesos de 1617.

Este foi o caso da máis famosa das supostas "meigas" de Cangas, ou polo menos a que máis transcendeu do seu tempo, inmortalizada en cantares como o que di:



*"Polos camiños de Cangas
a voz do vento xemía
ai que soliña quedaches
María, María Soliña"*

A María Soliño ou Soliña, adicouselle o primeiro Instituto de Cangas e tamén unha rúa na zona da Fonte Ferreira.

